

REMATE 1º CUADRIMESTRE ESA

Curso 2022-2023

- **Venres, 3 de febreiro** - Último día lectivo 1º cuadrimestre.

- **Martes, 7 de febreiro** - Os titores e titoras entregaran os boletíns coas cualificacións finais no horario e nas aulas que se detallan:

As 10:00 h.: 1º M (Aula 1) e 3º M (Aula 7)

As 11:00 h.: 2º M (Aula 5) e 4º M (Aula 8)

As 12:30 h.: 3º V (Aula 1) e 4º V (Salón de Actos)

As 16:30 h.: 1º T (Aula 4) e 3º T (Aula 5)

As 17:00 h.: 4º T (Aula 7)

As 18:45 h.: 3º N (Aula Tecnoloxía), 1º W (Aula 1) e 3º Y (Aula 5)

As 19:15 h.: 2º X (Aula 4) e 4º Z (Aula 1)

- **Mércores 8, e xoves 9 de febreiro**- Revisión e/ou reclamacións das cualificacións finais.

OBSERVACIÓNS: O alumnado que titule en ESO poderá matricularse, se así o desexa, en materias de 1º de bacharelato de adultos (o máis axiña posible). Máis información en Xefatura de estudos e na Secretaría do Centro.

INICIO 2º CUADRIMESTRE ESA

Curso 2022-2023

- **Do mércores 8 ao xoves 9 de febreiro (ata ás 14:00 h.) de febreiro** e unha vez recibidas as cualificacións finais, o alumnado formalizará a SOLICITUDE DE MATRÍCULA para o 2º cuadrimestre.

➤ Poderás matricularte na Secretaría do centro **como máximo en tres ámbitos** de coñecemento diferentes, excepto se te matriculas en 4º ESA que, extraordinariamente, poderás facelo en 4 ámbitos (tres de 4º e un de 3º).

➤ Se non superas algún ámbito dos que estabas matriculado no 1º cuadrimestre, tes dúas opcións:

1º OPCIÓN - Matricularte de novo nese ámbito e asistir ás clases correspondentes dese grupo, sempre que haxa compatibilidade horaria. Se non fose así, poderías asistir a outro grupo noutra quenda.

2º OPCIÓN - Se non te matriculas no ámbito non superado, poderás presentarte ás **probos extraordinarias** que terán lugar do 2 ao 4 de maio. Neste caso non terías dereito a asistir ás clases. Debes ter en conta, que se suspendes o exame extraordinario de maio xa non poderás examinarte na convocatoria ordinaria (principios de xuño) e tampouco na extraordinaria (a partir do 20 de xuño) dese ámbito. Dende o centro, aconsellamos que elixas a primeira opción que te permitirá dúas convocatorias en lugar dunha.

Máis información en Xefatura de estudos e na Secretaría do Centro.

➤ Algúns grupos poderán ter novos horarios. Solicita unha fotocopia na conserxería a partir do 9 de febreiro.

- **Venres, 10 de febreiro:** inicio actividade lectiva 2º cuadrimestre.